



ACTA DE FIN DE NEGOCIACIÓN DA IMPLANTACIÓN DO NOMEAMENTO ESTATUTARIO EVENTUAL DE CONTINUIDADE NO ÁMBITO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

15 DE XANEIRO DE 2019

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
M^a José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico
Javier García Caeiro.- Xefe de Servizo de Relacións Laborais
Manúel Díaz López.- Xefe de Servizo de Selección Temporal
Silvia Negreira Vidal.- Xefa de Servizo de Recursos e Reclamacións.
Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico

Polas organizacións sindicais:

M^a Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Manuel González Moreira (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)
Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)
Emilio A. Armada Rodríguez (CESM-O'MEGA)
Antonio R. Barca Romero (CESM-O'MEGA)
Emilia Lamas Seoane (CCOO)
María de la Luz Fernández Tuñas (CCOO)
Ángel E. Cameselle Corbacho (CCOO)
Javier Martínez Fente (UGT)
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)
Manuel González Vázquez (CSI-F)
Ana Luisa López López (SATSE)
M^a Emma Rodríguez Corte (SATSE)

Tras o correspondente proceso de negociación no marco da Mesa Sectorial de Sanidade coas organizacións sindicais CIG, CESM-OMEGA, CCOO, UGT, CSIF e SATSE, na sede da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela, logo das sesións da Mesa Sectorial do 11 e do 15 de xaneiro de 2019, nas que figuraba como único punto da orde do día *nomeamento estatutario temporal de continuidade*, unha vez rematada a negociación, as partes asinantes:

ACORDAN

Ratificar o texto presentado no día hoxe na Mesa Sectorial, coas seguintes modificacións:

1.- Modificacións do texto.

- No apartado quinto 1, *selección*, engadir: "entre aqueles profesionais que o manifesten voluntariamente."

- O apartado quinto 3, suprímese.

- No apartado sétimo, *estudo das necesidades de creación de prazas de estrutura*, substitúese: "se procedese a creación de prazas estruturais ao nivel do distrito ou dos centros para a cobertura das necesidades consideradas" por "se procedese a creación de prazas estruturais."

- No apartado oitavo 3.b., *réxime xurídico xornada de traballo* substitúese: "como mínimo o corenta por cento da carteleira" por "como mínimo o sesenta por cento da carteleira."



- No apartado oitavo 3.c., *réxime xurídico xornada de traballo* substitúese: “realizarán gardas nos puntos de atención continuada do correspondente distrito que, de ser necesario, lle sexan asignadas pola respectiva xerencia, realizando un promedio de tres gardas ao mes”, por “realizarán gardas nos puntos de atención continuada de referencia dos centros asignados no seu nomeamento que, de ser necesario, lle sexan asignadas pola respectiva xerencia, realizando un promedio de dúas gardas ao mes, procurando a equidade na distribución das mesmas.

- No apartado décimo, *comisión paritaria* substitúese no título: “comisión paritaria” por “comisión de seguimento”. Neste apartado engádase: “a comisión de seguimento reunirase con carácter ordinario trimestralmente.”

A Administración sanitaria promoverá as medidas necesarias para a aplicación do presente acordo.

Polas organizacións sindicais:

Pola Administración:

CESM-OMEGA

UGT

CSIF

SATSE